



Santiago, 15 de marzo do 2018

NOTA DE PRENSA

O Festival Atlántica pecha a sexta edición cunha xornada de contos para todos

- **A diversidade e os espectáculos para todos os públicos predominan nunha velada que culminará coa gala de clausura no Teatro Principal**
- **Laura Escuela, Fátima Villamel, Tâmara Bezerra, Nono Granero, Victoria Gullón, María da Pontragha e a Banda Municipal de Música de Santiago, protagonistas do último día do festival**

Este sábado, 17 de marzo, o Festival Atlántica vai programar en Santiago cinco espectáculos en diferentes puntos da cidade. A diversidade será o eixe das actividades do día: haberá unha función para bebés, outra en lingua de signos e mesmo un espectáculo coa participación da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela. Esta intensa xornada terá o seu colofón pola noite coa gala de clausura que vai pechar oficialmente a sexta edición do Festival Atlántica. Todos os espectáculos, agás a gala de clausura, teñen entrada gratuíta ata completar o aforo do espazo.

O día vai comezar cos 'Bebecontos' de Laura Escuela, que serán ás 12 horas na Biblioteca Ánxel Casal. Pensado para nenos entre 0 e 3 anos, vai ser unha función chea de complicidade e sensibilidade cos máis cativos onde non faltarán historias, arrosos, xogos e moitos libros. Ao mesmo tempo, pero no Museo do Pobo Galego, será a quenda de Fátima Villamel e 'Mira, contos para mimar e para escoitar', un espectáculo de contos con voz e lingua de signos.

Xa pola tarde, ás 18 horas, os 'Bichos brasileiros' de Tâmara Bezerra van tomar a sala Agustín Magán do Centro Sociocultural de Santa Marta. Bezerra convidará os

pequechos a un paseo polas paisaxes narrativas da tradición oral do seu país a través de divertidas historias de animais da fauna brasileira.

Pola súa banda, a partir das 18:30 horas, Nono Granero vai levar outros animais, un hipopótamo e un lumbrigante, ata o escenario do Teatro Principal. Ambos os dous son os protagonistas do espectáculo 'A historia extravagante de Hipo e Gavante', unha suite sinfónica con narrador composta por Cristóbal López Gándara sobre o conto de Granero do mesmo título. No libro nárrese a singular amizade que se establece entre ambos seres e as súas peripecias. A parte musical vai recaer sobre a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela que estará dirixida por Casiano Mouriño.

Así que remate a función, o Teatro Principal acollerá, a partir das 21 horas, a gala de clausura 'Entre romances e contos', que vai estar protagonizada polos romances de Victoria Gullón e os contos de María da Pontragha. As entradas para este espectáculo teñen un custo de 10 euros e pódense mercar na billeteira do propio teatro en horario de 18 a 21 horas e o mesmo día da función.

Os artistas

Laura Escuela é mestra en Educación Infantil, licenciada en Psicopedagogía e conta, a maiores, cun Mestrado en Promoción e Animación Lectoras. Traballa desde hai máis de dez anos arredor do mundo da literatura infantil, a música e a discapacidade. Dedicase á narración oral desde o 2008 e cómpre salientar que nos últimos anos ten levado a cabo proxectos pioneiros de sesións de bebecontos en bibliotecas de Canarias.

As historias da galega **Fátima Villamel** comezaron a rebulir durante a súa estancia en Lanzarote, onde desenvolveu unha intensa actividade artística, sobre todo no eido do clown. Xa de volta a Galicia, afondou na narración oral no Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo e tamén da man de diversos mestres. Os contos destinados ao público infantil son a súa especialidade.

A narradora e escritora **Tâmara Bezerra** é graduada social especializada en Arte-Educación. Posúe un mestrado en Educación Intercultural pola Universidade de Lisboa, con investigación en contos da tradición do deserto brasileiro. Ten unha ampla traxectoria nas narrativas literarias dentro e fóra do Brasil, cunha forte influencia da poética da tradición oral. Tamén desenvolve habitualmente unha intensa actividade como buscadora de contos populares e formadora de narradores e mediadores de lectura. No eido literario, alén de títulos infantís, ten publicacións sobre narración de historias e mediación de lectura. É, ademais, membro do 'Grupo de Estudos, Pesquisas e Partilhas com narrativas: Costureiras de Histórias' de Fortaleza, Brasil.

Nono Granero é un narrador, ilustrador, *titiriteiro* e escritor orixinario de Xaén. Licenciado en Belas Artes, axiña orientou eses estudos para relacionalos coa creación

de historias e contos, para adultos e mais para cativos. As súas obras están publicadas en España, Francia e Dinamarca, e dous dos seus libros ('La vaca Victòria' e 'Polvo de roca') están incluídos no catálogo The White Ravens 2015 que elabora a Biblioteca Internacional da Mocidade de Múnic. Granero comezou a súa actividade no eido da narración oral no ano 2000 e neste tempo xa participou en encontros de contos de toda España. Colabora habitualmente con programas de narración e de animación á lectura promovidos polo Centro Andaluz de las Letras desde o 2002. Tamén imparte cursos e obradoiros sobre narración, monicreques e álbum ilustrado. Compaxina esta actividade docente coa súa compañía de monicreques "Los títeres del Asombrajo".

Victoria Gullón é unha das grandes voces do mundo dos contos. Herdou da súa avoa María, pastora na Serra da Culebra, a súa paixón polas historias. Dedicase á narración oral desde o ano 1993 e a columna vertebral do seu traballo son os contos da tradición oral, algúns recollidos por ela, e os do romanceiro.

María da Pontragha é educadora e dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en si. No 2009 comezou a súa andaina no mundo dos contacontos para público infantil e xuvenil e mais para adultos. Xa leva participado en diferentes xornadas de oralidade dentro e fóra de Galicia e é, ademais, unha das integrantes do grupo musical 'Sacha na horta'.

A **Banda Municipal de Santiago de Compostela** é unha das máis antigas de Galicia, xa que naceu en 1848. Nun principio tiña carácter afeccionado, ata que en 1876 o Concello decidiu facerse cargo dela e comezou a se profesionalizar. Na actualidade conta con 37 compoñentes e desenvolve unha intensa actividade de concertos ao longo de todo o ano. O seu director é o pontevedrés **Casiano Mouriño Maquieira**.

Máis fotos en: www.flickr.com/photos/festivalatlantica

Os medios están autorizados a descargalas e usalas con fins informativos.

Sobre o Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlantista. O seu obxectivo é indagar nas raíces comúns das historias do océano, na procura da identidade cultural común do Atlántico e nas historias que se foron difundindo polos camiños do mar. Toda a información relacionada co programa e cos artistas pódese consultar na web <http://festivalatlantica.com>.

CONTACTO: **Soledad Felloza** | 635 95 28 20 | festivalatlantica@gmail.com

PATROCINAN



FERROL



CONCELLO DE LALÍN
CONSELAERÍA DE CULTURA

CONCELLO DE PÓVOA DO RIBEIRO

CONCELLO DE TRO

XUNTA DE GALICIA

COLABORAN

Museo do Pobo Galego

RIODELA

La Salle
Escuela Superior
de Arte e Diseño

dinahosting

AXENDA FESTIVAL ATLÁNTICA | SANTIAGO

(* = espectáculo de pago)

Sábado 17 de marzo

Bebecontos

Laura Escuela (Tenerife, Canarias)

12.00 h | Biblioteca Anxel Casal (SCQ) | Gratuíto

Público Infantil (0 a 3 anos) | En castelán

Mira, contos para mirar e para escoitar

Fátima Villamel (Galicia)

Espectáculo con voz e lingua de signos

12.00 h | Museo do Pobo Galego (SCQ) | Gratuíto

Todos os públicos

Bichos brasileiros

Tâmara Bezerra (Brasil)

18.00 h | Sala Agustín Magán, Centro Cívico de Santa Marta (SCQ) | Gratuíto

Todos os públicos | En brasileiro

A historia extravagante de Hipo e Gavante

Nono Granero (Xaén) e a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

18.30 h | Teatro Principal (SCQ) | Gratuíto

Todos os públicos | En castelán

*Entre romances e contos. Gala de clausura

Victoria Gullón (Zamora) e María da Pontragha (Galicia)

21.00 h | Teatro Principal (SCQ) | 10 €

Público adulto | En castelán e galego

Martes 20 de marzo | Día Internacional da Narración Oral

A Almáciga: cando as periferias explican o mundo

Manuel Gago (Galicia)

Reserva no propio Centro, no 681 601 960 ou en centros@serviplus.org

18.30 h | Centro Xove da Almáciga (SCQ) | Prioridade mozos e mozas de 14 a 35 anos